

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2

PROBA B (ORAL)



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Modelo: C2O/2008-2/A

Como vivir sen cartos

A rede ofrece recursos para poder levar a cabo as actividades de todos os días empregando poucos cartos e, en ocasións, nin un euro

Existe unha web chamada www.sindinero.org na que se pode atopar todo tipo de actividades para facer sen cartos, dende viaxar ata aprender idiomas. O espazo foi creado para loitar contra o consumismo voraz da vida moderna e fomentar o gratuíto mediante intercambios de información. O sitio está aberto a que calquera persoa que saiba dalgunha actividade gratuíta poida informar os visitantes da web.

A web está estruturada de xeito que podes atopar recursos de balde e información que permite un estilo de vida menos escravizante dos cartos. Toda a información está clasificada atendendo ás seguintes seccións: *asesórate*, *autosuficiencia*, *formación*, *miscelánea*, *ocio*, *ocio-Barcelona*, *ocio-Madrid*, *troco e viaxar*.

Asesórate

Na primeira sección, *asesórate*, podemos atopar moitas ligazóns que permiten obter axuda en campos como axuda social, consumo, contabilidade e finanzas, dereito, saúde ou vivenda. Algúns destes campos son moi significativos, como: asesoramento para refuxiados e inmigrantes, obxección fiscal, xustiza gratuíta, asociacións de consumo ético, programas de balde para deixar de fumar, como conseguir traballos de odontoloxía a prezos moi reducidos, ou como construír a túa propia casa.

Autosuficiencia

Outro dos campos que presenta moita información é o da *autosuficiencia*, que fai referencia a temas como alimentos, fogar, automóbil, músi-

ca e varios, onde podemos atopar todo o que precisamos saber para podermos facer cousas como: fabricar cervexa caseira, cultivar unha horta na casa, coarnos nunha peaxe da autoestrada, cambiar os filtros do aire ou os pneumáticos do coche. No tocante ao ámbito doméstico, podemos aprender actividades tan diferentes como saber abrir unha porta cunha tarxeta de crédito, arranxar un enchufe, elaborar pasta dentífrica, facer candeas, cociñas solares ou fabricar unha antena Wifi a partir dun envase. Case todas as explicacións están acompañadas de vídeos didácticos para que a aprendizaxe sexa máis doada. Outras curiosidades que podemos atopar na sección *varios* é como construír unha radio receptora sen pilas, cultivar fungos alucinóxicos, coarse no cine, ou facer o mantemento básico dunha bicicleta.

Viaxes

Pero se o que che interesa é viaxar, hai unha serie de enlaces que che permiten saber cales son os mellores lugares para faceres auto-stop, cales son os aeroportos e as estacións de tren onde mellor se dorme, como viaxar traballando en cruceiros e barcos ou conseguir aloxamento e comida a cambio de traballos. Neste caso, existe un foro onde a xente deixa as súas experiencias viaxeiras con poucos cartos.

Outras das actividades de lecer que se poden facer gratis son as relacionadas coa música, o teatro, as exposicións, a danza ou as conferencias. Todas son gratuítas. Ademais achégase información das distintas cidades e vilas da xeografía española onde se pode gozar delas.

PARTE 2

1. PREGUNTAS RELATIVAS Á VIDA PERSOAL (non avaliáveis)

2. EXPOSICIÓN E INTERACCIÓN

OPCIÓN A

- Faga un resumo do lido no texto.
- Preguntas sobre o resumo.
 - Cal é a súa opinión sobre o tema?
 - Segundo a información do texto, cales poden ser os ámbitos nos que podemos atopar información para facer cousas gratis?
 - Considera que é lícito, por exemplo, saber como coarse nunha peaxe ou como cultivar fungos alucinóxenos?
- Conte con detalle algunha ocasión na que tivo que pagar por un servizo ou obxecto que podería facer vostede.
 - Cre que o servizo / obxecto tiña un valor maior do real?
 - Agora podería facer vostede ese servizo?

OPCIÓN B

- Faga un resumo do lido no texto.
- Preguntas sobre o resumo.
 - Cal é a súa opinión sobre o tema?
 - Segundo os datos do texto, cal é a información que máis lle chamou a atención? Por que?
 - Por que cre que hai xente interesada en crear unha web na que se dea esta información?
 - Cre que o consumismo está facendo que as persoas paguen por calquera servizo sen pararse a pensar se son capaces de facelo eles mesmos?
- Compare produtos ou servizos que antes se facían normalmente de xeito caseiro e polos que agora se paga.
 - Cales cre que son as causas de que se deixasen de facer certas actividades?
 - Pensa que coa crise moitas destas actividades volverán formar parte da nosa vida?

OPCIÓN C

- Faga un resumo do lido no texto.
- Preguntas sobre o resumo.
 - Cal é a súa opinión sobre o tema?
 - Agora que hai crise, que medidas tomou na súa casa para aforrar uns cartiños?
 - É algo recente ou algo que fai dende hai tempo?
 - Poderíalle achegar algunha indicación a esa web? Por exemplo?
 - Pensa que (*os galegos, os españois, os do sur de Europa*) somos demasiado reticentes a algunhas maneiras de aforrar que se dan noutros lugares do mundo, como os mercados de segunda man, o alugueiro de coches, a reciclaxe ou o uso do transporte público? Que diferenzas ve, en caso de coñecer algún deses países?
- É vostede unhas desas persoas que sempre atopa oportunidades? Coñece a alguén que si as atope? Como fai?
 - Relate un caso propio ou de alguén que coñeza que aforrara cartos de maneira inesperada.
 - Pensa que, ás veces, buscando ofertas ou oportunidades que non existen, se perden máis tempo e cartos que pagando? Por exemplo?